

Cústame ter un referente galego na miña contemporaneidade, porque sinto demasiado cariño e proximidade. Talvez Uxío Novoneyra sería ese referente poético, se cadra si, pero tamén era amigo. Iso si, mención á parte meréceme Rosalía de Castro, que é, ao meu ver, un universo poético mundial, un referente poético para o mundo da súa época, non só para Galiza. Rosalía é diferente á maioría da sociedade galega do XIX, a súa formación é moi superior ao que correspondería cunha muller do seu tempo. Na creación literaria, Rosalía inventa permanentemente e rompe coa rima becqueriana, autor a quen por certo coñeceu en Madrid, para adentrarse no pobo que a viu nacer e que a leva a rebelarse contra a inxustiza coa que o goberno central español trata a Galiza. Rosalía foi moito máis aló do romanticismo ao uso, sobrepasou os límites dun movemento que renovou a historia e o facer poético.

Do libro *Vivir unha aventura irrepitíbel*.
Biografía de María de María do Carme Kruckenberg
Editorial Galaxia, 2011, p. 192